



REGULAMENTO
ASEMBLEAS CONGRESUAIS DE NIVEL I
CONVOCADAS POR CCOO SERVIZOS GALICIA
(Aprobado pola Dirección Provisional de CCOO Servizos Galicia o 12/12/2016)

1.- Introducción.

De conformidade ao Anexo Organizativo da Federación de Servizos de Galicia aprobado polo Consello Federal o pasado 14 de setembro, en cumprimento das Normas Congressuais aprobadas no Consello Confederal o pasado 11 de xullo de 2016, así como das Normas Congressuais sobre o II Congreso da Federación de Servizos de CCOO, aprobadas no Consello Federal, acórdase o presente Regulamento sobre o desenvolvemento do proceso de asembleas congressuais de NIVEL I convocadas por CCOO Servizos Galicia.

2.-Convocatoria de asembleas congressuais. Lugar, data e hora

O anexo de contido organizativo de CCOO Servizos Galicia acorda convocar as asembleas congressuais de nivel I, correspondentes ás agrupacións de centros de traballo correspondentes ao seu ámbito, fixando no seu punto 2, apartado D) a aprobación por esta Dirección Provisional deste Regulamento que contén a forma concreta de levar a cabo o debate dos textos propostos (Relatorio/Resolución e Estatutos da CS de CCOO, do SN de CCOO de Galicia e da Federación de Servizos de CCOO) e o desenvolvemento das votacións para elixir as delegacións ás asembleas de nivel II.

Achegar como anexo 1 o lugar, data e horario tanto da fase deliberativa, como da fase electiva das diferentes asembleas de nivel I

3.- Orde do día.

As asembleas congressuais terán a seguinte orde do día:

1º) Debate de documentos congressuais.

2º) Elección de delegados/as ao nivel II no ámbito do II Congreso de CCOO Servizos Galicia

ou, no seu caso:

2º) Elección de delegados/as al nivel II en el ámbito de los Congresos de las Uniones Comarcales del SN de CCOO de Galicia.



4.- Regulamento.

a) Colexio Electoral. Presidencia das asembleas

O órgano convocante, a Dirección Provisional, queda constituído como Colexio Electoral de cada unha das asembleas de nivel I convocadas por CCOO Servicios Galicia. As súas funcións consisten en presidir e moderar as asembleas congresuais, o debate de documentos, establecer os tempos para as distintas intervencións, de ler e someter a votación as propostas así como recibir e validar as candidaturas que se presenten conforme ás normas congresuais. As asembleas de nivel I serán presididas por calquera membro da Dirección Provisional, actuando como portavoz da mesma. Asemade informará do comezo e duración da fase electiva con indicación expresa do sitio onde estea situada a mesa electoral e canto sexa necesario para o desenvolvemento do debate e das votacións.

b) Mesas Electorais

De conformidade ás Normas Confederais, co fin de atender e facilitar a tarefa do colexio electoral, no desenvolvemento da fase electiva constituiranse **mesas electorais** nas asembleas congresuais que deban elixir delegados e delegadas, debendo constituírse, polo menos cunha antelación de trinta minutos á hora sinalada para o inicio da asemblea congresual e estarán formadas inicialmente por tres persoas afiliadas nomeadas polo colexio electoral, dúas elixidas pola Dirección Provisional e unha persoa pertencente ao censo da asemblea, ningunha das cales debe ter a condición de ser candidata nese ámbito de elección.

As súas funcións e competencias serán as seguintes:

- 1.- Custodiar os censos definitivos durante a asemblea. Os censos seranlle entregados polo colexio electoral. Os censos serán devoltos ao colexio electoral ao finalizar as votacións.
- 2.- Custodiar as furnas para a votación. As furnas serán facilitadas polo órgano convocante ás mesas electorais no momento en que se constituán.
- 3.- Controlarán todo o proceso da votación desde o momento da constitución da mesa.
- 4.- Aclararán calquera dúbida que puidese presentarse ante ela respecto do proceso da votación, de acordo coas normas aprobadas para o mesmo.
- 5.- *Acusarán recibo das impugnacións realizadas durante a votación e indicarán ao seu presentador a necesidade de formalizalas, dentro do día seguinte á votación, ante a CIN Federal.*



6.- Elaborarán a acta de constitución da mesa electoral e a acta final de escrutinio apuntando o resultado das votacións, os nomes das persoas elixidas delegadas para participar nas asembleas congresuais das organizacións superiores de rama (e no seu caso de territorio) e as incidencias xurdidas na sesión. Á devandita acta acompañarase un exemplar de cada candidatura presentada, os votos declarados nulos, os votos aos que se lles concedeu validez, pero fosen impugnados e canta documentación xerase o proceso de votación. As actas deben ser asinadas en todas as súas follas pola mesa electoral.

7.- Esta acta entregarase inmediatamente ao órgano convocante para a súa remisión ás secretarías de organización de ámbito superior de rama e territorio.

c) Desenvolvemento da asemblea congresual

A mesa electoral debe garantir que as persoas asistentes se atopen incluídas no censo definitivo da asemblea correspondente. Ningunha persoa non afiliada poderá participar, en maneira algunha, nas asembleas congresuais.

1. Fase Deliberativa. A presidencia da asemblea exporá os textos a debate, separadamente, determinando un tempo para a presentación por escrito de emendas aos textos, establecendo os tempos de intervención para a defensa das mesmas, e someteraas a votación, a man alzada, polo pleno dos asistentes.

As emendas aprobaranse por maioría simple. Enviaranse ás organizacións inmediatamente superiores todas aquelas propostas que obteñan maioría, así como as minoritarias que obteñan polo menos o **10 por 100** dos votos das persoas afiliadas acreditadas.

2. Fase electiva. O Colexio Electoral facilitará as papeletas correspondentes das diferentes candidaturas que se presentaron, no prazo establecido, e que cumpran os requisitos estatutarios á delegación para a asemblea de nivel superior, así como papeletas en branco.

A Mesa electoral da asemblea, deberá velar por que participen na votación soamente as persoas incluídas no censo definitivo, así como polo segredo do voto, controlando todo o proceso de votación.



servizos

d) Actas

Das asembleas congresuais levantarase acta xeral que conterá, ademais dos datos identificativos das persoas que interviñeron nelas, o resultado das votacións, os nomes das persoas elixidas, a desagregación destas por xénero, e, no seu caso, o nome do presidente ou presidenta da delegación e as reclamacións ou incidencias relevantes que puidesen producirse. As actas deben ser asinadas en todas as súas follas.

Copia desta acta enviarase inmediatamente ás secretarías de organización das organizacións superior de rama e territorio.



ANEXO 1. LUGAR, DATA E HORA. ASEMBLEAS DE NIVEL 1 CONVOCADAS POR CCOO SERVIZOS GALICIA

A) Asembleas para elixir a delegación correspondente ao nivel II do Congreso de CCOO Servizos Galicia

EMPRESAS E AGRUPADAS A CORUÑA	Data	Lugar	Horario F. Deliberativa	Horario F. Electiva	Deleg.a escoller	Porcentaxe de xénero %		FINAL PRAZO PRESENTACIÓN CANDIDATURAS	PROCLAMACIÓN DEFINITIVA CANDIDATURAS
Agrupadas Comercio A Coruña	10/01/2017	Avda Alfonso Molina, km 2, 3.ª. Edificio de sindicatos A Coruña	12-13:00	13-17:30	8	H 32,33	M 67,67	04/01/2017	09/01/2017
Agrupadas Comercio Ferrol	19/01/2017	Local Unión Comarcal CCOO Rúa María, 42-44. Ferrol	12-13:00	13-17:30	3	H 25,52	M 74,48	13/01/2017	18/01/2017
Agrupadas Comercio Santiago-Barbanza	11/01/2017	Local CCOO. Vía Edison 1-C. Polígono del Tambre. Santiago	12-13:00	13-17:30	4	H 34,40	M 65,60	05/01/2017	10/01/2017
Agrupadas Hostelería	10/01/2017	Avda Alfonso Molina, km 2, 3.ª. Edificio de sindicatos A Coruña	12-13:00	13-17:30	5	H 43,80	M 56,20	04/01/2017	09/01/2017
Agrupadas Servicios Administrativos	10/01/2017	Avda Alfonso Molina, km 2, 3.ª. Edificio de sindicatos A Coruña	12-13:00	13-17:30	2	H 38,00	M 62,00	04/01/2017	09/01/2017
Agrupadas Restos A Coruña	10/01/2017	Avda Alfonso Molina, km 2, 3.ª. Edificio de sindicatos A Coruña	12-13:00	13-17:30	18	H 49,60	M 50,40	04/01/2017	09/01/2017

EMPRESAS E AGRUPADAS PONTEVEDRA	Data	Lugar	Horario F. Deliberativa	Horario F. Electiva	Deleg.a escoller	Porcentaxe de xénero %		FINAL PRAZO PRESENTACIÓN CANDIDATURAS	PROCLAMACIÓN DEFINITIVA CANDIDATURAS
Agrupadas Comercio	12/01/2017	Local CCOO. As Teixugueiras, 11 entreplanta (Navia) Vigo	12-13:00	13-17:30	11	H 39,79	M 60,21	06/01/2017	11/01/2017
Agrupadas Hostelería	12/01/2017	Local CCOO. As Teixugueiras, 11 entreplanta (Navia) Vigo	12-13:00	13-17:30	4	H 26,26	M 73,73	06/01/2017	11/01/2017
Agrupadas Servicios Administrativos	12/01/2017	Local CCOO. As Teixugueiras, 11 entreplanta (Navia) Vigo	12-13:00	13-17:30	2	H 36,36	M 63,64	06/01/2017	11/01/2017
Agrupadas Restos Pontevedra	12/01/2017	Local CCOO. As Teixugueiras, 11 entreplanta (Navia) Vigo	12-13:00	13-17:30	14	H 51,72	M 48,28	06/01/2017	11/01/2017

EMPRESAS E AGRUPADAS LUGO	Data	Lugar	Horario F. Deliberativa	Horario F. Electiva	Deleg.a escoller	Porcentaxe de xénero %		FINAL PRAZO PRESENTACIÓN CANDIDATURAS	PROCLAMACIÓN DEFINITIVA CANDIDATURAS
Agrupadas Comercio	17/01/2017	Local Unión Comarcal CCOO Ronda da Muralla, 58. Lugo	12-13:00	13-17:30	3	H 35,46	M 64,54	11/01/2017	16/01/2017
Agrupadas Hostelería	17/01/2017	Local Unión Comarcal CCOO Ronda da Muralla, 58. Lugo	12-13:00	13-17:30	2	H 34,18	M 65,82	11/01/2017	16/01/2017
Agrupadas Restos Lugo	17/01/2017	Local Unión Comarcal CCOO Ronda da Muralla, 58. Lugo	12-13:00	13-17:30	8	H 35,59	M 64,41	11/01/2017	16/01/2017

EMPRESAS E AGRUPADAS OURENSE	Data	Lugar	Horario F. Deliberativa	Horario F. Electiva	Deleg.a escoller	Porcentaxe de xénero %		FINAL PRAZO PRESENTACIÓN CANDIDATURAS	PROCLAMACIÓN DEFINITIVA CANDIDATURAS
Agrupación Sector Financiero	18/01/2017	Local Unión Comarcal CCOO. R. Parque San Lázaro, 12.3ª Ourense	16-17:00	17-21:00	3	H 61,80	M 38,20	12/01/2017	17/01/2017
Agrupadas Comercio	18/01/2017	Local Unión Comarcal CCOO. R. Parque San Lázaro, 12.3ª Ourense	16-17:00	17-21:00	2	H 36,13	M 63,87	12/01/2017	17/01/2017
Agrupadas Hostelería	18/01/2017	Local Unión Comarcal CCOO. R. Parque San Lázaro, 12.3ª Ourense	16-17:00	17-21:00	1	H 25,00	M 75,00	12/01/2017	17/01/2017
Agrupadas Restos Ourense	18/01/2017	Local Unión Comarcal CCOO. R. Parque San Lázaro, 12.3ª Ourense	16-17:00	17-21:00	4	H 67,50	M 32,50	12/01/2017	17/01/2017

B) Asembleas para elixir a delegación correspondente aos Congresos Comarcais do S.N. de CCOO de Galicia

ASAMBLEAS COMARCALES	Data	Lugar	Horario F. Deliberativa	Horario F. Electiva	Deleg.a escoller	Porcentaxe de xénero %		FINAL PRAZO PRESENTACIÓN CANDIDATURAS	PROCLAMACIÓN DEFINITIVA CANDIDATURAS
Agrupadas A Coruña	10/01/2017	Avda Alfonso Molina, km 2, 3.ª. Edificio de sindicatos A Coruña	12-13:00	13-17:30	20	H 45,44	M 54,56	04/01/2017	09/01/2017
Agrupadas Santiago-Barbanza	11/01/2017	Miguel Ferro Caaveiro, 8, (San Lázaro) Santiago de Compostela.	12-13:00	13-17:30	9	H 50,56	M 49,44	05/01/2017	10/01/2017
Agrupadas Vigo	12/01/2017	Local CCOO. As Teixugueiras, 11 entreplanta (Navia) Vigo	12-13:00	13-17:30	13	H 45,92	M 54,08	04/01/2017	09/01/2017
Agrupadas Pontevedra	25/01/2017	Local Unión Comarcal CCOO. Rúa Pasantería, 1-2.ª Pontevedra	12-13:00	13-17:30	12	H 42,37	M 57,63	04/01/2017	09/01/2017
Agrupadas Arousa	24/01/2017	Rúa de Alexandre Bóveda, 2-2.ª Vilagarcía de Arousa	12-13:00	13-17:30	6	H 43,75	M 56,25	18/01/2017	23/01/2017
Agrupadas Lugo	17/01/2017	Local Unión Comarcal CCOO Ronda da Muralla, 58. Lugo	12-13:00	13-17:30	9	H 38,79	M 61,21	12/01/2017	17/01/2017
Agrupadas Ourense	18/01/2017	Local Unión Comarcal CCOO. R. Parque San Lázaro, 12.3ª Ourense	16-17:00	17-21:00	10	H 50,87	M 49,13	12/01/2017	17/01/2017
Agrupadas A Mariña	23/01/2017	Local Unión Comarcal CCOO Rúa García Doriga, s/n. Viveiro	12-13:00	13-17:30	2	H 32,61	M 67,39	17/01/2017	21/01/2017
Agrupadas Ferrol	19/01/2017	Local Unión Comarcal CCOO Rúa María, 42-44. Ferrol	12-13:00	13-17:30	7	H 50,87	M 49,13	13/01/2017	18/01/2017